

# Obradoiro de creación e interpretación poética (8 horas)

## **Creación de textos poéticos (4 horas):**

- Repaso pola poesía oral galega, desde a tradicional e popular, ata as formas máis contemporáneas da oralidade.
- Composición individual e colectiva de textos poéticos usando diferentes figuras, tropos e xogos lingüísticos para conseguir un manexo cómodo da linguaxe poética.
- Procurar formas de creación tomando como modelos textos da literatura galega e portuguesa, e poñendo especial énfase nos tropos e figuras que afectan á oralidade, ao ritmo, á sonoridade e á fonética do texto.
- Análise e composición de textos que poñan de relevo a poesía como límite entre diversas disciplinas: o poema-monólogo/diálogo, o poema-microrrelato, o poema-performance...
- Ideas e xogos para conseguir resultados na escrita automática e na improvisación oral de textos poéticos.

## **Lectura e interpretación (4 horas):**

- Aprender técnicas e exercicios básicos para o quecemento vocal: relaxar os músculos da cara e do pescozo, vocalizar e procurar unha dicción o máis limpa posible. Buscar o ton da nosa interpretación dentro do rango de posibilidades que ofrece a cada unha a súa propia tesitura vocal.
- Tratar de dominar a expresión facial e corporal: acompañar as palabras co ollar e a expresión facial por afinidade ou por oposición. Buscar a empatía do público a través da intencionalidade dos xestos. Posición corporal, acompañamento coas mans, etc.
- Ton e interpretación oral: Buscar as diferentes posibilidades de lectura que ofrece un texto e interpretalo con base nunha intención e nun sentido concretos. Transmisión comunicativa a través de textos poéticos.
- Indagar na oposición «interpretación oral vs interpretación teatral»: semellanzas, diferenzas e límites.